

Informe de Compensación total 2014

O 26 de setembro recibimos toda o equipo o **Informe persoal de Compensación total 2014**. É un documento importante, que nos facilita a Empresa, e que debemos gardar nos nosos arquivos persoais, como todas e cada unha das Nóminas mensuais, porque nos resume e aclara información de interese sobre o noso salario, motivo principal polo que traballamos.

É tamén o momento de aproveitar para ver como se compón ese salario e de onde vén. Hai que saber como está regulado, que parte depende de Convenios ou Acordos colectivos asinados pola representación sindical, de sector ou de empresa, e que parte depende de factores subxectivos ou conxunturais.

Nos nosos comunicados sobre Nóminas xa definimos estes conceptos como Salario sólido (Convenios, Acordos), Salario volátil (o CVP) ou o Salario gasoso (o AVE-DOR). Mira que porcentaxe tes este ano de cada un, e considera cal é a túa situación salarial. A continuación, explicámoscho cun exemplo simulado:

COMPENSACIÓN TOTAL 2014		
Concepto	Importe	Regulado por
Retribución fixa	39.697	
Reglamentario	38.675	Convenio Colectivo de Banca, 18 ½ pagas e acordos sindicais de integración de colectivos
Voluntario	1.022	Norma CVP-Absorbible por conceptos fixos
Retribución Variable	821	Non acordado, regras cambiantes da empresa, catalogación subxectiva.
Beneficios sociais	1.423	
Axuda alimentaria	153	Convenio Colectivo de Banca, art. 25.3
Bolsa Vacacións	232	Convenio Colectivo de Banca, art. 26.6
Axuda Familiar 2013	282	Acordo BBSS 2007, revisado % Convenio
Novación BBSS	615	Acordo BBSS 2007, revisado % Convenio
Seguros	141	Acordo BBSS 2007
Plan de pensións	661	Acordo Previsión Social 2000

Fíxate tamén no **"Paquete de beneficios BBVA"**, onde temos unha tradición de acordo positiva pola que se lograron Acordos Sindicais que os regulan, as Tarifas Bancarias a empregados/as, os días de Vacacións, os Créditos e Préstamos, os Beneficios Sociais, os Seguros ou as prestacións de Previsión Social adicionais á Seguridade Social, xunto co Convenio Colectivo.

E agora é cando toca que consideres, que nos decatemos, que isto non vén do ceo nin se conseguiu esta mañá, senón que é o esforzo continuado do equipo, dos seus representantes sindicais, con negociación e con respaldo de todos. As afiliadas e afiliados participamos e apoiamos a consecución destes acordos, defendémoslos e gozámolos. Se non participas, se non colaboras, se só esperas a ver que te cae "gratis" e sen "sinalarte" estaste a equivocar.

A situación é mellorable, que nos vas contar das prolongacións de xornada, ou das diferenzas na promoción, etc. Pero para seguir avanzando necesitámonos todos e cada un. CCOO en BBVA lideramos a organización dos traballadores e as traballadoras, e tamén no sector financeiro; en BBVA, coa mobilización e a denuncia cando é necesario, e a negociación e os acordos cando é posible.

Se aínda non estás afiliada/ou, estás a tempo.

Cómo solucionalo?

Contesta este mesmo correo ou nos chamas, dinos "quero afiliarme, e pasarémonos a verte ou poñerémonos en contacto contigo.

Por se tes dúbida da cota: 11,20 € mensuais, desgrava no IRPF e pódese domiciliar na conta ou descontar directamente na Nómina.

Outubro de 2014



Isabel Gil Delgado
Sec. Gral. CCOO-BBVA

CCOO servicios bbva sección sindical

Tel. 91 594 42 36 - 93 634 83 99 - bbvacc00@comfia.ccoo.es - www.ccoo-servicios.es/bbva/ - tablón sindical en espacio
https://www.facebook.com/comfiabbva - https://twitter.com/comfiaccoobbva
adherida a la **unión network international**